

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 23 DE XULLO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día vinte e tres de xullo do ano dous mil trece, tivo lugar en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SUBVENCIONES

Vista a Orde de 26 de xuño de 2013 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda solicitar dita subvención.

PUNTO 2.- ACORDOS

Lese o escrito RE 4.008 de data 17 de xullo de 2013, presentado por D. SIMÓN UBEIRA ACUÑA, en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL A VELHA NA HORTA, solicitando autorización para facer un concerto acústico na Praza de San Marcos o día 23 de xullo de 2013 en horario de 20 a 21 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado recordándolle a obriga de cumprir coa Ordenanza Municipal de Ruidos e lembrándolle que as vindeiras solicitudes deberán presentarse cun mínimo de 15 días de antelación á data do evento correspondente.

Lese o escrito RE 4.020 de data 17 de xullo de 2013, presentado por D. DAMIAN ALONSO ALONSO, en representación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, con enderezo social na rúa Transv. Troncoso, nº 3 da Guarda, solicitando autorización para dispoñer do auditorio de San Benito o día 13 de agosto de 2013 para levar a cabo unha exhibición canina a cargo dunha unidade da Guardia Civil.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e comunícaselle ao solicitante que o permiso á Guardia Civil xa foi tramitado polo Alcalde.

Lese o escrito RE 4.021 de data 17 de xullo de 2013, presentado por D. FRANCISCO JOSE GARCIA RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Rosal – Sucampo, nº 3-2º D da Guarda, solicitando autorización para dispoñer da Estacion de Autobuses o día 14 de agosto de 2013 para realizar unha cea-concerto con motivo do 10º aniversario da Banda Fervenza Tinta. Solicitan tamén a instalación dun palco grande e o uso de 15 caballetes e cinco tablóns.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado advertindo que, en relación co material solicitado, se accederá na medida da dispoñibilidade que exista, e debendo dispoñer esa asociación de persoal para o seu montaxe.

Lese o escrito RE 4.026 de data 18 de xullo de 2013, presentado por D. DAMIAN ALONSO ALONSO, en representación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, con enderezo social na rúa Transv. Troncoso, nº 3 da Guarda, solicitando autorización para levar a cabo un concerto na Praza do Reló o día 8 de agosto entre as 19 e 02 horas. E para elo solicitan:

- Peche ao tráfico da praza do Reló a partir das 14 horas.
- Un palco de 10x6 metros a instalar na fachada do Concello.
- Apagado das luces da praza para visualización de proxector.
- Instalación de dúas barras

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado coas seguintes condicións:

- Deben dispoñer de persoal para a montaxe do palco.
- horario de remate do concerto debe ser ás 01:30 horas do día 9 de agosto.
- corte parcial do tráfico farase ás 14 horas e o corte total ás 19 horas.

Lese o escrito RE 3.929 de data 11 de xullo de 2013, presentado por D. DAMIAN ALONSO ALONSO, en representación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, con enderezo social na rúa Transv. Troncoso, nº 3 da

Guarda, solicitando a ocupacion da pista de baloncesto do Centro Cultural para levar a cabo alí a Feira do Disco o día 9 de agosto. Asimesmo, solicitan autorizacion para a ocupacion do Auditorio San Benito o día 8 de agosto para desenvolver un mercado solidario por parte da Asociación A Velha na Horta para o que necesitan dispor de stands.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á realización da Feira do Disco o día 10 de agosto de 2013 na pista de baloncesto pero para dispoñer dos stands deberán dirixirse ao propietario dos mesmos e deberán dispoñer de persoal para a súa montaxe. A Xunta de Goberno Local acorda acceder a petición para o mercado solidario o día 8 de agosto na praza de San Benito nos mesmos termos que a Feira do Disco.

Lese o escrito RE 3.925 de data 11 de xullo de 2013, presentado por D. SIMÓN UBEIRA ACUÑA, actuando en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL A VELHA NA HORTA, e con enderezo na rúa Diego Antonio González, nº 16 da Guarda, solicitando autorización para dispor da Praza de San Benito o día 8 de agosto de 2013 para levar a cabo un mercado solidario entre as 10 e 20 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado se ben se lle informa que xa se lle comunicou á Comisión de Festas que para dispoñer dos stands deberán dirixirse ao seu propietario e dispoñer de persoal para o seu traslado e montaxe.

Lese o escrito RE 3.899 de data 9 de xullo de 2013, presentado por D. MIGUEL A. SOUSA FERNANDEZ, con enderezo na rúa Galicia, nº 52 da Guarda, solicitando permiso para usar o campo de fútbol municipal os días 3 e 4 de agosto con motivo do 4º Trofeo José María.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 3.926 de data 11 de xullo de 2013, presentado por D. SIMÓN UBEIRA ACUÑA, actuando en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL A VELHA NA HORTA, e con enderezo na rúa Diego Antonio González, nº 16 da Guarda, solicitando permiso para dispoñer do Montinho con motivo dun concerto o día 15 de agosto de 2013. Solicitan tamén un punto de luz e o palco municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado advertindo que deben dispoñer esa asociación de persoal para o seu montaxe.

Lese o escrito RE 3.927 de data 11 de xullo de 2013, presentado por D. SIMÓN UBEIRA ACUÑA, actuando en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL A

VELHA NA HORTA, e con enderezo na rúa Diego Antonio González, nº 16 da Guarda, solicitando permiso para utilizar a Estación de Autobuses o día 7 de agosto de 2013 para realizar unha xornada de exhibición de graffiti, skate e rap entre as 17 e 22 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado pero en ningún caso se poderá pintar ninguha parede posto que a estación de autobuses está sendo acondicionada para ser base do GES; será responsabilidade do petionario calquera calquera pintada que se produza.

Lese o escrito RE 3.924 de data 11 de xullo de 2013, presentado por D. SIMÓN UBEIRA ACUÑA, actuando en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL A VELHA NA HORTA, e con enderezo na rúa Diego Antonio González, nº 16 da Guarda, solicitando permiso para a realización de tres concertos na praza de San Marcos os días 6, 9 e 12 de agosto de 2013.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado recordándolle que deben respetar os límites establecidos na ordenanza de ruidos así como o horario. A celebración destes concertos non afectará á fluidez do tráfico e a autorización para o 2º e 3º concertos queda supeditada ó cumprimento das normas sinaladas para o primeiro.

Lese o escrito RE 4.076 de data 22 de xullo de 2012, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, con enderezo a efectos de notificacións no Apto. de Correos, nº 81 da Guarda, e como responsable da banda mariñeira "Os do Rancho", solicitando permiso para a celebración dun acto festivo na parte alta do parque do Cancelón o día 10 de agosto, necesitando para elo conexión eléctrica e un escenario.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado indicándolle que deberá dispoñer de persoal para o seu montaxe e, respecto do subministro eléctrico, non se lle poderá outorgar ata que se encenda o alumado municipal.

Lese o escrito RE 4.075 de data 22 de xullo de 2013, presentado por CLUB DEPORTIVO ALAGUA, representado por D. Roberto C. Barreiro Salcidos, con enderezo na rúa Candeira, nº 6-1ºA de A Guarda, solicitando a colaboración do Concello para a organización do Cruceiro Internacional do río Miño os días 27 e 28 de xullo, aportando un camión con conductor para o transporte de carros de varada das embarcacións.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.058 de data 22 de xullo de 2013, presentado por Dna. Esperanza Iglesias Vilachá, en representación de Clube Balonmán Atl. Guardés, solicitando o uso do pavillón municipal para adestramento dos diferentes equipos deste Clube tódolos días da semana entre as 16 e as 23 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado sempre que se respete o horario lectivo do CEIP A Sangriña e as actividades programadas polo Concello da Guarda.

Lese o escrito RE 4.000 de data 17 de xullo de 2013 presentado por D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ MORAIS, en representación da Sociedade Atlética do Trega, con domicilio en rúa Couto, nº 19 da Guarda, solicitando para as carreiras populares do día 3 de agosto:

- Peche total das rúas polas que discorre a proba e vallas.
- Colaboración da Policía Local, Protección Civil e asistencia de ambulancia.
- pavillón da Sangriña.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado tendo en conta as suxerencias da Policía Local en canto o itinerario. Comunícaselle que a ambulancia xa está contratada, que disporán das duchas do Pavillón municipal e das vallas necesarias e que a Policía Local realizará o corte das rúas, se ben a organización do evento deberá contar con persoal de apoio para a cobertura dos cruces e garantir a seguridade.

Lese o escrito RE 3.781 de data 4 de xullo de 2013, presentado por C.E.I.P. MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, xuntando solicitudes para a utilización do pavillón escolar durante o curso 2013/2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a estas solicitudes.

Dase conta do escrito RE 3.782 de data 4 de xullo de 2013, presentado por C.E.I.P. A SANGRIÑA, xuntando copia da autorización para a ampliación da biblioteca escolar.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 4.061 de data 22 de xullo de 2013, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E PROPIETARIOS "O PERCAMIÑO", con enderezo a efectos de notificacións na Praza dos Seixiños, s/n da Guarda, solicitando autorización para a

celebración do II Torneo de Cachiza o día 31 de agosto e vallas para o corte da rúa Pozas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.005 de data 17 de xullo de 2013, presentado por D. JOSÉ ANGEL MARTÍNEZ BARBOSA-PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS DE SAN CAYETANO, solicitando:

- o Permiso para realizar as festas os días 1, 2, 3 e 4 de Agosto.
- o O empréstito do palco e que se monte o día 31 de xullo.
- o Que se realice unha limpeza da praza e arredores e das calles por onde pasa a procesión.
- o 8 vallas para cerrar o recinto das festas.
- o Presenza da Policía Local no trascurso da procesión o día 4 de Agosto.

Asimesmo dase conta do escrito RE 4.053 de data 19 de xullo de 2013, presentado por D. Nemesio Lomba Martinez, en representación da Comisión de Festas de San Cayetano, solicitando autorización para levar a cabo o espectáculo pirotécnico que relizará a empresa Argimiro Alborés os días 26 de xullo e 1, 2, 3 e 4 de agosto de 2013

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, dando traslado deste acordo ó responsable de servizos e a Policía Local. Asimesmo, acorda autorizar ó lanzamento dos fogos, sen prexuízo de que, no seu caso, sexan necesarias outras autorizacións.

Lese o escrito RE 3.080 de data 7 de xuño de 2013, presentado por ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Transv. Troncoso, nº 3-baixo da Guarda, solicitando permiso para a ocupación de determinados espazos públicos para os devirsos actos relacionados coas Festas do Monte 2013. Solicitan tamén a colaboración da Policía Local e do personal de servizos do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Visto o Convenio de colaboración entre SIGFITO AGROENVASES, S.L., e CENTRO DE AGRUPAMIENTO, para implantar mecanismos que faciliten a recollida selectiva de residuos de envases fitosanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA adherirse a dito convenio e facultar ó Concelleiro de Servizos D. Paulino Rodríguez González para a súa sinatura.

PUNTO 3.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. EDUARDO FERNANDO GONCALVES ESTÉVEZ, R.E. N.º. 3.860 DE DATA 8 DE XULLO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE FRANCISCO LOMBA TRIGO N.º. 5 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA INSTALACIÓN DUN INVERNADOIRO PARA USO DOMÉSTICO CUNHAS MEDIDAS DE 6 X 2,80 MTS. REALIZADO EN ESTRUCTURA TUBULAR E CUBERTO CON PLÁSTICO, SITO NA RÚA DE FRANCISCO LOMBA TRIGO N.º. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 9 DO P.X.O.U.).

A D. VALENTIN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, R.E. N.º. 3.950 DE DATA 12 DE XULLO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BAIXO MURO N.º. 14 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 33,00 M². CONSISTENTE EN COLOCAR TELLA BERMELLA DO PAIS SOBRE URALITA EXISTENTE, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BAIXO MURO N.º. 14, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 5 DO P.X.O.U.).

PUNTO 4.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1^a OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1^a ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1^a ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condições das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D. RAMÓN VICENTE ROMERO, R.E. Nº. 2.871 DE DATA 31 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CURRÁS Nº. 15 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA) SITA NA RÚA DE ROSENTES Nº. 2, EN SOLO NON RANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D. RAMÓN VICENTE ROMERO, R.E. Nº. 3.279 DE DATA 18 DE XUÑO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CURRÁS Nº. 15 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE "PISCINA" SITA NA RÚA DE ROSENTES Nº. 2, EN SOLO NON RANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

PUNTO 5.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 3.928 de data 11 de xullo de 2013, presentado por D. MAURO LOMBA MARTINEZ, en representación de DNA. GLORIA M^a. CIVIDANES PORTELA, con enderezo a efectos de notificacións na rúa General Gutiérrez Mellado, n^o 8-6^o de Pontevedra, solicitando a aprobación do proxecto de execución para as obras de reparación e mellora de vivenda unifamiliar sita na rúa de Codesal, n^o 32 que conta con licencia municipal de obras n^o 81/2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 23 de xullo de 2013, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 6.- DENEGACIÓN DE LICENCIA

Lese o escrito con RE n^o 1.795 de data 16 de marzo de 2010, presentado por D^a. MARGARITA PEREZ CASTRO, con enderezo na Carretera do Molino, n^o 19 da Guarda, solicitando licencia de obras para construción de EDIFICIO PARA HOTEL-APARTAMENTO DE 2** desenvolvido en planta baixa e planta primeira, sito na rúa Costa dos Soldados, s/n en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de Baixada á Praia do Muíño da Parroquia de Camposancos. Dase conta do informe favorable do arquitecto municipal de data 27 de xuño de 2013 e do informe desfavorable do asesor xurídico do concello de data 10 de xullo de 2013 segundo o cal debe acatarse a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 24 de xaneiro de 2013 que é extrapolable a este caso xa que a parcela na que se pretende construír atópase na Rede Natura.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes sinalados, acorda denegar a súa solicitude polos motivos expostos no informe xurídico de data 10 de xullo de 2013 que se lle adxuntará á solicitante.

PUNTO 7.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN FORA DE ORDENACIÓN

Dase conta do escrito RE 7.088 de data 7 de outubro de 2010, presentado por D^a. SAGRARIO CARPO PIMENTEL E D. JESUS MARIA PEREZ COSTA, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Nicaragua, n^o 51-2^o de Vigo, solicitando a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación da vivenda unifamiliar sita en 1^a Transv. Baixada á Armona, s/n en Área de Tolerancia do Núcleo Rural Tradicional de Camposancos (Ordenanza 9B) e outra parte en Solo Rústico de Protección Ordinaria.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos e xurídicos favorables, acorda declarar incursa en situación legal de fóra de ordenación a vivenda unifamiliar sita na rúa 1^a Transv. Baixada á Armona, s/n a nome de D^a. Sagrario Carpo Pimentel e D. Jesús M^a. Perez Costa.

PUNTO 8.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por D^a. GEMA MARIA GONZÁLEZ CRUCES (RE 2.834 de 30.05.2013), para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR CATEGORIA ESPECIAL (Epig. 673.1) sito na rúa de Ramón Sobrino, nº 8-baixo que antes figuraba a nome de PURIFICACIÓN GONZÁLEZ ESTEVEZ.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D^a. GEMA MARIA GONZÁLEZ CRUCES cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de PURIFICACIÓN GONZÁLEZ ESTEVEZ para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR CATEGORÍA ESPECIAL (Epig. 673.1) sito na rúa de Ramón Sobrino, nº 8-baixo de A Guarda.

PUNTO 9.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELA SITA NA RÚA DE CEÑA VELLA, S/N., A INSTANCIA DE D^a. MARÍA FLORA LOMBA GONZÁLEZ.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 2.807 de data 29 de maio de 2013, a instancia de **D^a. MARÍA FLORA LOMBA GONZÁLEZ** e con domicilio na rúa de José María Sesto nº. 10 de A Guarda-C.P. 36789, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez para **"SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELA"**, sita na rúa de Ceña Vella, s/n.

INFORMES:

INFORME TÉCNICO 12-06-2013:

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licenza para **"SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELA"** sita na rúa de Ceña Vella, s/n., para o que se presenta o proxecto correspondente, teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Proxecto técnico de segregación e agrupación de parcela a nome de Dna. M^a. Flora Lomba González e D. Ovidio Portela Martínez, redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

1.2.- Acta de aliñación e rasante emitida polos servizos técnicos municipais de data 29.05.13.

1.3.- Documentación de titularidade da parcela nº. 11 do polígono 30 cunha superficie de 1.325 m².

1.4.- Con data 29.05.13 achégase ó expediente a seguinte documentación:

- **Novo** proxecto técnico de segregación e agrupación de parcela.
- Título de propiedade da parcela 10 do polígono 30, cunha superficie de 1.151,00 m².
- Título de propiedade da parcela 12 do polígono 30, cunha superficie de 324 m².

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- O Concello de A Guarda ten P.X.O.U. con aprobación definitiva do 29.07.93 e M.P. do 27.12.96.

2.2.- Segundo os planos presentados a parcela que se pretende segregar está situada sobre dúas clases de solo. A zona norte, con 856,91 m², está clasificada como SOLO DE NÚCLEO RURAL e cualificada coa ordenanza n.º. 9-B. da área de tolerancia exterior do núcleo. A zona sur, con 468,09 m², está clasificada como SOLO NON URBANIZABLE SEN ESPECIAL PROTECCIÓN.

2.3.- Segundo establece a Disposición transitoria primeira da LOUGA (lei 9/2002), o solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, na delimitación dun núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, ou na da súa área de influencia, ou na de expansión delimitada ao abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselle o réxime definido no apartado e) desta disposición transitoria.

2.4.- Conforme se establece na INSTRUCIÓN 1/2011 do 12 de abril de 2011, apartado 3.4, a área de tolerancia e a área de influencia entendéranse aquí como conceptos sinónimos.

2.5.- Segundo establece a Disposición transitoria primeira da LOUGA, ó solo non urbanizable se lle aplicara ó previsto nesta lei para o solo rústico.

2.6.- As parcelas características das parcelas iniciais son as seguintes:

	superficie total	clase de solo/ordenanza
Parcela 10 polígono 30	1.151,00 m ²	Solo de núcleo rural/ 9B
Parcela 11 polígono 30	856,91 m ² .	Solo de núcleo rural/ 9B
Total	468,09 m ² .	Solo rústico
Parcela 12 polígono 30	1.325,00 m ² .	
	324,00 m ² .	Solo rústico

2.7.- O proxecto presentado pretende a división da parcela 11 en dúas parcelas que se agregan as parcelas lindantes 10 e 12.

2.8.- Conforme establece o art. 205, apartado b) da lei 9/2002 pódese autorizar a segregación da parcela 11 coa condición de que os lotes resultantes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros, co fin de agrupalos e formar un novo predio.

2.9.- As parcelas resultado da división da parcela 11 son as seguintes:

	superficie total	clase de solo/ordenanza
Parcela A Agrúpase coa parcela 10	394,00 m ² .	Solo de núcleo rural/ 9B
Parcela B Agrúpase coa parcela 12 Total	462,91 m ² . 468,09 m ² . 931,00 m ² .	Solo de núcleo rural/ 9B Solo rústico

2.10.- As parcelas de resultado serían as seguintes:

	Superficie total	clase de solo/ordenanza	superficie neta
Nova Parcela 10	1.545,00 m ² .	Solo de núcleo rural/ 9B	1.501,87 m ² .
Nova Parcela 12	462,91 m ² . 792,09 m ² .	Solo de núcleo rural/ 9B Solo rústico	
Total	1.255,00 m ² .		1.216,07 m ² .

2.11.- A segregación e agrupación proposta cumpre coas indicacións sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e cos artigos 204 e 205 da lei 9/2002.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase favorable á segregación da parcela 11 do polígono 30, condicionando a autorización a que cada un dos lotes resultantes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios dos terreos lindeiros, parcelas 10 e 12, co fin de agrupalos formando dous novos predios.

3.2.- A autorización para a parcelación non implica en ningún caso autorización de edificación.

3.3.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.

INFORME XURÍDICO 19-06-2013:

Conta co informe xurídico **favorable** subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarelos, debendo indicarse que en ningún caso autoriza a edificar, ademáis dado que a parcelación ten como obxectivo agrupar as dúas resultantes ás dúas fincas colindantes (parcelas 10 e 12), se condiciona a eficacia da licencia a que cada un dos lotes resultantes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios dos terreos lindeiros, parcelas 12 e 10, co fin de agrupalos ós seus formando dous novos predios, tal como se sinala no informe técnico. No obstante, dado que a licencia foi solicitada por Dña. Flora Lomba o acordo de concesión deberá ir exclusivamente a nome dela, ademáis temos que indicar que da documentación aportada, á solicitante solamente acredita a titularidade dun porcentaxe da finca a segregar, co cal deberá ter en conta tal circunstancia porque ó ir á Notaría a materializar esta parcelación, terá que ser autorizada pola propiedade da parcela

na súa totalidade. Finalmente, debe indicarse que tal licencia non implia autorización para edificación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 17-07-2013.

Conta con informe **favorable**.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados.

PUNTO 10.- TRAMITACIÓN LICENCIA DE APERTURA

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. RUBEN OTERO COSTA, R.E. Nº 2.067 DE DATA 23 DE ABRIL DO 2013 no que presenta PROXECTO TÉCNICO DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE TALLER DE MOTOCICLETAS na Estrada do Castro, nº 76 deste término municipal, actividade comprendida no Decreto 133/2008, de 12 de xuño de 2008, polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o periodo de reclamacións non se presentaron alegacións.

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia solicitada por D. RUBEN OTERO COSTA PARA ACODICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE TALLER DE MOTOCICLETAS sito na Estrada do Castro, nº 76 deste término municipal.

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente á Delegación Provincial da Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Sendo as doce horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.